

CARLOS CASARES MOURIÑO, o coleccionista de historias




Ourense e a comarca da Limia. Os primeiros anos

Carlos Casares nace en Ourense o 24 de agosto de 1941. Había só dous anos que comezara a Segunda Guerra Mundial, un conflito que duraría catro anos máis. O país acababa de saír dunha guerra civil e estaba asolagado pola fame e a miseria: era a época da ditadura franquista.

INFANCIA

Nacín en Ourense, aínda que cando cumprín catro anos marchei a vivir a Xinzo. A infancia paseina entre esta vila e, principalmente, as aldeas de Sabucedo, Beiro e Lamas.

O mundo de Beiro, que foi para min moi bonito, estaba intimamente ligado ó mundo eclesiástico. Naquela casa, que era un pazo do marqués de Camarasa, precioso, pasei os veráns deica os dezaseis ou dezasete anos. Por un lado tiña todo o relacionado co mundo da igrexa: era sancristán, tocaba as campás, repicaba cando había tronos ou nas festas, viñan á casa unha chea de curas e eu trataba de tío a tódolos da comarca. Por outro lado estaba a xente da aldea, e a relación cos nenos cos que ía coas vacas ó monte, aprendín moito: nomes das plantas, das árbores, se viña o vento dunha banda ou outra e se traía auga ou non... todo iso aprendino alí con eles. Unha fonte importante do meu galego veu de aí.



O SEMINARIO

Fun ó seminario porque a miña nai tiña un tío arcebispo en Cuba que viña ver a familia cada tres ou catro anos. Lembro a primeira vez que o viñ, que era eu moi pequeniño. Para min un arcebispo era unha personalidade moi importante.

O BACHARELATO



Cheguei a remates dos cincuenta a Ourense, onde había un ambiente intelectual moi vivo.

O caso é que se convocou un concurso de contos e eu, que os escribía, moi mandei un par deles. Na clase de literatura, o meu profesor, que era Ogando Vázquez, dixo: "Hoxe estamos de noraboa porque lle deron un premio a un alumno do instituto". E cando me felicitou, quedei atordado. Díxome que aquel día estaba convidado a tomar café co xurado, que estaba presidido por don Vicente Risco, así que imaxínate a emoción. Deste xeito foi como o coñecín.

Na tertulia estaban con el vellos galeguistas como don Xesús Ferro Couselo, Xocas, e os rapaces novos como Arturo Lezcano e Xaime Quessada [...]. Era o grupíño dos que chamaba don Vicente "Os artistíñas".



CARLOS CASARES MOURIÑO, o coleccionista de historias



Os movementos estudantís e a descuberta do amor

UNIVERSIDADE

Carlos Casares chega a Santiago de Compostela no ano 1961 para estudar Filosofía e Letras.

O galeguismo non contaba pra nada. Os movementos progresistas, as loitas universitarias estábanse a facer de costas ó galeguismo e á realidade mesma de Galicia como singularidade. Eu participéi nas loitas universitarias do meu tempo.


O fenómeno Raimon foi, efectivamente, algo importante nese proceso galeguizador.

Raimon era catalán e iba cantar en catalán. Uns cantos propuxemos galeguizar, na medida do posible, o espectáculo.

Pra eso traducimos ó galego as letras do cantante.

Cando cheguei á Universidade, Ramón Piñeiro exercía unha influencia indubidable sobor dun pequeno grupo de estudantes. Eu empecéi a formar parte dese grupo pouco despois de escomenzar o curso.

O galeguismo de moitos deles nacéu arredor da camilla da súa biblioteca.



DOCENCIA

Remata os estudos universitarios e volve a Xinzo. De alí a pouco comeza a traballar como profesor de Literatura Española.

Pedín entrar no instituto de Ourense e mandáronme a Viana do Bolo. Dende o primeiro momento, en Viana comecei a ter leas fronte a un caciquismo feroz que nós padeciamos directamente porque estaba vinculado ó Concello e o instituto dependía del. De aí botáronme.

No outono ofrecéronme por medio doutro amigo un posto de profesor nun colexio de Bilbao e fun en novembro. Foi chegar e verme metido noutra lea. [...] Ó remata-lo curso non nos renovaron o contrato a ningún.

KRISTINA E SUECIA

Carlos volve a Ourense e comeza a traballar, por encargo de Ramón Piñeiro, na edición crítica de *Aires da miña terra* de Curros Enríquez. Luís Mariño, Carlos Otero e mais el van ata Santiago, soben no TER e *no momento de sentármonos vin que tiña diante a unha rapaza con toda a pinta de ser sueca*. Ela ía ata A Coruña onde embarcaría nun iate sueco con destino á India.

Dixenlle que non se podía pasar por Santiago sen coñecelo. E así comezou a relación con Kristina e foi todo rapidísimo. Decidimos casar e celebramos a voda co meu tío cura en Beiro. [...] Ela aprendeu as fórmulas e era moi divertido escoitar a unha sueca falando en galego pero sen saber o que dicía, cun acento raro.


Unha vez casados, Carlos e mais Kristina van a Suecia.

Era o meu contacto ademais coa democracia e coa socialdemocracia, era saltar da España miserable de Franco á Suecia impresionante de Olof Palme. Suecia fíxome ver que alí as liberdades non eran formais, eran reais; que non había pobreza, que a policía non tiña nada que ver coa española nin coa francesa, que era só protectora dos dereitos dos cidadáns. No plano político, en min pódese falar do antes e do despois de Suecia.

Dende o país sueco envía as famosas "Cartas dende Suecia" publicadas no xornal *La Voz de Galicia*.

Carlos Casares aproba as oposicións ao ensino público.

En setembro de 1974 funme vivir a Cangas, o meu primeiro destino como profesor. E foi chegar e ter xa outro conflito. Daquela ós profesores non numerarios pagábanlles cada seis meses e estaban moi sometidos, porque renovaban o contrato de ano en ano e para acadalo dependían do director. Os PNN decidiron facer unha folga en toda Galicia. Condenáronnos. A min a un mes sen soldo.



CARLOS CASARES MOURIÑO, o coleccionista de historias



3

Parolando entre amigos

O seu gusto polos contos e polos faladoiros vénlle de familia: o seu avó paterno e a súa avoa foron os seus mestres na arte da oralidade durante os anos pasados en Lamas.

Empeza a asistir ao faladoiro de Vicente Risco logo de gañar o Concurso Nacional de Cuentos de Navidad.

Entra a formar parte do grupo dos que chamaba don Vicente os artistifias: Arturo Lezcano, Xosé Luís de Dios, Virxilio, Arturo Baltar, Xaime Quessada, Acisclo... Polas tardes ían ao café Parque.

Unha cousa agradable con Risco era que nos levaba á súa casa da rúa Santo Domingo ós rapaces novos. Eu daquela non era consciente de que aquilo fose a redacción da revista Nós, que alí se cocese a historia do galeguismo, diso non sabiamos absolutamente nada nin eu oíra o nome de Castelao endexamais.


En Santiago segue a cultivar o gusto polos faladoiros. A aprendizaxe da lingua galega é un dos obxectivos de todos aqueles mozos dos anos 60 que se reunían nos cafés daquela cidade universitaria.

Lémbrome das tertulias nos cafés composteláns, das tertulias no Cantábrico, por exemplo, que tiña unha especie de apartado no primeiro piso e alí nos axuntabamos a discutir de política, aprender a lingua, cambiar libros prohibidos.


Xa no 1968 eran outras as circunstancias e a xente escomenzouse a mover doutro xeito. A principal fonte de coñecemento era a conversa, e conversábase, falábase de todo, dábaselle a volta a todo, tres, catro, cinco, as veces que fora necesario. Andabamos polas tabernas, co noso galego a voltas, dando clases no Estradense, no Asesiño, onde fora.

No verán de 1983 comeza o faladoiro que reunía a Gonzalo Torrente Ballester, Miguel Viqueira, Manuel Prego e Carlos Casares en Baiona.

Algunhas veces me referín neste pequeno recuncho do periódico á tertulia de verán que mantemos Gonzalo Torrente Ballester e outros amigos, desde hai xa moitos anos, nunha cafetería de Baiona. Ás veces, cando o novelista se sente vago para moverse, arte que practica cunha contumacia admirable, montamos a cháchara no xardín da súa casa da Ramallosa, á sombra duns laranxeiros que dan un froito excelente.



CARLOS CASARES MOURIÑO, o coleccionista de historias



O compromiso con Galicia e co galego

Carlos Casares comeza os estudos de Filosofía e Letras en Santiago de Compostela en setembro de 1961.

Cando cheguei á Universidade, Ramón Piñeiro exercía unha influencia indubidable sobor dun pequeno grupo de estudantes [...]. Piñeiro exerceu sobre nós un importante maxisterio, non soio de tipo galeguista, diríamos, senón moito máis amplo.

O que lle debo a Piñeiro ten máis relación cun xeito especial de enxergar a vida que cunha mentalización política concreta.


Coñecín pois a Ramón e comezou esa etapa da relación cos rapaces galeguistas [...]. Incluso Ramón nos daba uns seminarios un día á semana, na súa casa. Un era sobre Europa.

Logo xa na Universidade comezou a moverse aquilo e apareceu un grupiño que se chamaba ADE, Agrupación Democrática de Estudiantes, moi vinculado cos cristiáns conciliares, demócratas e antifranquistas [...]. Falaron comigo para convidarme a entrar na organización. Falei con Piñeiro e conteillo [...]. Se decides entrar aí, eu penso que o teu papel debe ser que eses rapaces asuman o ideal galeguista.

Tras a aprobación do Estatuto de Autonomía, en abril de 1981, teñen lugar as primeiras eleccións autonómicas, o 20 de outubro de 1981. Carlos Casares formou parte das listas do PSdeG-PSOE como independente, canda Ramón Piñeiro, Benxamín Casal e Alfredo Conde. Saiu elixido deputado neste primeiro parlamento autonómico.

Ramón e eu fomos pasear por alí por Sobrado e comenteime que había un proxecto de Felipe González de meter independentes nas listas do PSOE co criterio de abri-lo partido á sociedade. En xunto creo que foi unha experiencia boa. A Lei de normalización lingüística redactei eu, coa contribución despois en ponencia de todos eles pero sen que se alterase substancialmente. Foi unha experiencia boa, moi rica no plano humano.

Durante os anos en que Carlos Casares foi deputado elaborouse a Lei de normalización lingüística -aprobaríase en 1983- e creáronse o Consello da Cultura Galega e a Radio e Televisión de Galicia, fundamentais para a conservación, modernización e difusión da lingua e da cultura galegas.



CARLOS CASARES MOURIÑO, o coleccionista de historias



5

Unha viaxe a través da literatura

Santiago de Compostela é o lugar onde se dá a coñecer como escritor.

Comecei a tomar máis en serio o da literatura, porque xa tiña a posibilidade de publicar, porque por primeira vez na miña vida había rapaces do meu tempo que xa sacaran libros. A min seguía a gorentarme facer contos e decidín xuntalos nun volume que foi Vento ferido.


Vento ferido (1967) é un libro escrito dende o compromiso coa literatura e coa lingua galega. Recibe influencias do que se estaba a facer por Europa adiante. Inclúe doce relatos ambientados na inmediata posguerra e na ditadura. Utiliza técnicas propias do experimentalismo europeo e americano. *Sorprendentemente o libro vendeuse de camiño. Debeu ser o primeiro libro galego que tivo acollida estudiantil. Como era moi coñecido, na librería Porto fixeron un escaparate cunha fotografía miña e moitos libros. Vendeuse axiña.*




Logo do éxito do primeiro libro, deseguida, comeza a escribir **Cambio en tres** (1969): a novela máis vangardista e experimental.

Xoguetes pra un tempo prohibido naceu dunha crise persoal que se produce ó remata-la carreira e cando deixas de ter espírito de estudante para enfrontarte coa vida.

Tampouco é unha obra autobiográfica, aínda que hai moitos datos que o son. Fixen protagonista a un neno que vive nun medio moi sórdido, moi triste, e iso é puramente literario. Por contra, o que si coincide co meu é o ambiente de posguerra, o ambiente político, relixioso opresivo. [...] A obra estaba orientada a poñer en cuestión toda unha vida, que non era só a miña, senón a de moita xente. Por iso teño dito que Xoguetes pode considerarse unha novela autobiográfica dunha xeración enteira.




Os escuros soños de Clio (1979), é un conxunto de doce relatos, unha fabulación da historia con trazos fantásticos, escrita en clave de humor. Carlos considerábo como un exercicio de ficción histórica.



Cando me puxen con Ilustrísima, voluntariamente elixín un tema que non tiña nada que ver comigo, que non respondía a ningún feito real e que mesmo dende o punto de vista temporal estaba moi distante. Naceu dende logo dalgunhas vivencias. Unha delas foi unha comida na casa dos meus pais co arcebispo de Cuba. O meu tío era moi castrista e apoiou claramente a Fidel cando veu a Revolución, e mesmo predicaba na catedral a favor dos guerrilleiros e en contra de Batista.



Deus sentado nun sillón azul (1996) foi o último libro que Carlos publicou en vida. É unha obra centrada na posguerra e nas tensións e medos desa época. Dúas historias de amor e de compromiso político mestúranse a través das lembranzas dunha muller que observa a vida dun home dende a xanela.



Os mortos daquel verán (1987) está escrito utilizando unha técnica de imitación dos expedientes xudiciais, cunha linguaxe administrativa. *Quería segui-lo ciclo que comezara con Ilustrísima de reflexión sobre o dogmatismo, [...] pero utilizando como marco ambiental os días anteriores e iniciais da guerra.*



O sol do verán (2002) é a súa obra póstuma. Nela, Carlos volve ás súas lembranzas; apóiase na súa vida familiar para tecer unha historia de amor frustrada.



→ 17,73m. ←

158t 1088t
183PI

160

← 25.85m →

CAF

CARLOS CASARES MOURIÑO, o coleccionista de historias



Carlos entendía a literatura infantil como un medio eficaz para a difusión e promoción da lingua galega entre a xente máis nova. Esta obsesión será fundamental para afondar neste tipo de literatura centrada na infancia.




6

Medrando en galego



Carlos Casares escribiu o libro *A galiña azul*, sen intención de publicalo, pois fora pensado como obsequio persoal para unha nena, Ana Lasquetty [...] ademais de falar do tolo Leoncio, un infeliz a quen tratei na miña infancia, metín alí un invento bastante inxenuo, a bomba da felicidade.

Esta obra foi premiada no I Concurso de Contos da Agrupación Cultural O Facho da Coruña. As historias que se contan nela pretenden destacar valores como o dereito á diferenza, a liberdade ou a solidariedade.



As laranxas máis laranxas de todas as laranxas, Premio Teatro infantil da Agrupación cultural O Facho, considérase o primeiro texto teatral en galego para nenos. Carlos baséase no teatro do absurdo europeo, que tiña como figura clave a Samuel Beckett.




O can Rin e o lobo Crispín (1983) é un libro humorístico ambientado no rural galego e inspirado nos personaxes-animais de Cunqueiro.

Durante os anos 90 publica unha serie de contos, cinco en total, cuxo protagonista é un neno interesado polas novas tecnoloxías: *Toribio*. Carlos procuraba que as novas tecnoloxías e a lingua galega fosen da man.



O galo de Antioquía aparece publicado na colección Contos do Castromil (número 29), no ano 1994.



Lolo anda en bicicleta (1996) é unha historia coa que pretende reivindicar a necesidade do xogo e a liberdade entre os cativos.



Un polbo xigante foi escrito co gallo do XIV Festival Intercéltico do Morrazo no ano 1998 e publicado na revista *Das Letras do Mar*. Este relato ía acompañado das ilustracións de Martiño Villaverde. Nesta historia está presente o mundo do mar e a loita ente a vida e morte.



CARLOS CASARES MOURIÑO, o coleccionista de historias








7

Atravesando fronteiras

ENSAIO

As biografías eran os textos preferidos de Carlos Casares e dedicoulles a elas parte da súa escrita. Gustáballe escribir sobre persoas que el coñecera e coas que mantivera un estreito contacto e así publica obras sobre a vida de persoeiros tan destacados como Vicente Risco, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, ou entrevistas a Ánxel Fole e Ramón Piñeiro.



TRADUCIÓNS

Carlos Casares consideraba que un xeito de normalizar un idioma era a través da tradución de textos universais ao galego. Traduciu ao galego obras tan sobranceiras como *O Principiño*, *O vello e o mar* ou *Os escaravellos voan á tardiña*.

TEXTOS XORNALÍSTICOS

Xa dende ben novo, Carlos utilizou os medios xornalísticos como desafogo á situación opresiva e prohibitiva do seminario, e con *El Averno*, unha folla escrita á man, imitaba as columnas xornalísticas. Nela realizaba unha crítica en clave satírica e humorística de todas as prohibicións ás que estaba sometido o alumnado.


Durante o bacharelato continuou vinculado ao xornalismo, pois foi locutor e guionista en *La Voz de la Limia*.

Sendo universitario cubriu a información referida aos campionatos mundiais de fútbol para o xornal *ABC*, cando a selección española se preparou para esta competición en Santiago, en 1966.

Carlos comeza as súas colaboracións no xornal *La Región* no ano 1968 co título "Con esta lupa".

"A ledicia de ler" é unha sección dedicada á crítica literaria e coa que Carlos Casares comeza as súas colaboracións con *La Voz de Galicia* en 1975.

Dende o 1992, Carlos Casares inicia a colaboración diaria en *La Voz de Galicia* coa columna "Á marxe". A súa fama de orador e contador de historias, herdada dos avós, cobra verdadeiro protagonismo. Carlos é o narrador, a miúdo como protagonista, dunha Galicia en constante cambio, que pretende avanzar sen perder o elo de unión co pasado. Moitas persoas que apenas lían en galego empezaron a almorzar acotío coa lectura desta columna.



CARLOS CASARES MOURIÑO, o coleccionista de historias



8

A literatura galega viaxa polo mundo

Dende 1983, Carlos Casares asiste ao encontro de escritores organizado polo Ministerio de Cultura: son os coñecidos como Encontros de Verines.

Acabo de chegar a Asturias para participar no Congreso de Escritores de Verines, un rito que veño cumprindo con moito gusto dende hai dez anos, sempre por estes días xa outonizos do mes de setembro.

Pola noite, despois de cear, nun amplo salón que temos na planta de abaixo, os amantes da conversa roubarémolle ao corpiño un pouco de sono, quizais tamén algo de saúde, para facer tertulia ata horas pouco cristiás da madrugada. Entre os novelistas invitados hai xente que sabe moitas historias e o tempo pasa rápido.

En 1983 viaxa a Moscova, convidado pola Unión de Escritores Soviéticos, para impartir conferencias e seminarios sobre literatura. [...] tiña unha intérprete chamada Tamara, que era unha muller intelixente, física nuclear de profesión, e sentimental. Un día, mentres me amosaba as tumbas dos heroes que están enterrados nos muros do Kremlin, detívose diante dunha lápida e botouse a chorar. Contoume que alí se atopaban as cinsas do astronauta Yuri Gagarin.

En 1993 obtén unha bolsa para escritores do Literarisches Colloquium de Berlín para gozar dunha estancia en Wansee (Alemaña).

Acabo de chegar a Berlín, onde vou pasar tres semanas, xunto con Víctor Freixanes, invitados ambos por unha prestixiosa institución cultural que quere traducir libros de autores galegos ao alemán.

En 1998 imparte un curso de Literatura no Graduate Center da City University de Nova York.

O venres pola tarde, de dúas a catro, dei a primeira clase. Foi unha experiencia curiosa estar falando alá arriba, cun bosque de rañaceos aos pés, fronte por fronte da mole elegante e mítica do Empire State, sobre literatura galega.




→ 17,73m. ←

m →

CAF

CARLOS CASARES MOURIÑO, o coleccionista de historias



9

O Expreso da Literatura

Eu, para estas cousas, son bastante despegado e síntome ben en calquera parte do mundo, con tal de que ande en agradable compañía.

Esta cita, reflexo da personalidade aberta e serena de Casares, amosa a mentalidade coa que se enrolou na aventura do **Expreso da Literatura Europa 2000**. Esta iniciativa foi promovida polo Taller de Literatura de Berlín e apoiada pola UNESCO e o Consello de Europa. Carlos subiu a bordo dun tren con máis dun cento de escritores de diferentes nacionalidades europeas.

Durante seis semanas viaxaron dende Lisboa ata San Petersburgo, para rematar en Berlín, e fixeron paradas en 19 cidades de 11 países. O seu obxectivo: participar en diferentes actividades literarias (lecturas públicas, mesas redondas, conferencias, roldas de prensa...) para reflexionar sobre a diversidade de linguas e culturas de Europa e reforzar os vínculos entre estas.

Casares sumouse ao convoi do Expreso coa maior das vontades, porque esta iniciativa íalle permitir realizar algunhas das actividades que a el máis lle agradaban:

Proxectar, neste caso alén das súas fronteiras, a imaxe de Galicia, así como a lingua e a literatura galegas. *Onte, en Riga, participei nun acto literario [...] Consistiu nunha breve autopresentación, na que expliquei onde quedaba Galicia e cal era a súa situación lingüística. Despois lin un fragmento dun conto meu [...]*

Aprender e falar outros idiomas. *O lado máis fatigante será, sen dúbida, manter conversas e facer tertulias noutras linguas, con colegas de lugares e culturas tan diversas [...] Cansazos á parte, iso nunca vén mal, primeiro porque obriga a traballar a cabeza e segundo porque sempre se aprende algo novo a base de meter a pata.*

Trabar amizade con autores de diversa procedencia. *[...] os cento catro escritores e escritoras que viaxamos xuntos [...] somos xa todos amigos, e algúns, bastantes, máis que amigos, como era de prever.*

Todo o mundo está feliz pola experiencia vivida, [...] o máis importante non foron os debates celebrados cara ao público, senón a convivencia. A unidade europea que quixemos representar coa nosa longa viaxe é posible. A pesar da valoración positiva deste periplo por parte de Casares, o seu espírito comprometido e libertario non lle permitiu pasar por alto algúns aspectos negativos, como a falla de liberdade e a pobreza nos países do Leste.

A MATERIALIZACIÓN DUN SOÑO

Ao longo da súa vida Casares compilou diferentes obxectos: cromos, notas, cartas, recortes de xornais e revistas, libros, anacos de rolos de películas que recollía ás portas do cine etc. Mención especial merecen algunhas coleccións:

Edicións de *O Principiño*: máis dun centenar de exemplares traducidos a máis de noventa linguas e dialectos.

Cámaras fotográficas de varios tamaños e antigüidade: unha verdadeira debilidade para el.

Porén, unicamente unha colección representou para el unha verdadeira paixón, a de **maquetas e obxectos relacionados co tren**.

Ter nas mans unha locomotora de pouco máis de dous centímetros, coas súas bielas funcionando e un foco eléctrico como a cabeza dun alfinete que proxecta a súa luz valente e diminuta sobre a vía, pode deparar un pracer intenso.

Por iso non é de estrañar que para el o Expreso da Literatura representase a materialización dun soño. Ademais de viaxar nun medio de transporte que adoraba, volveu cunha chea de cámaras e ata unha maqueta do convoi para alimentar o seu afán de coleccionista.

CARLOS CASARES MOURIÑO, o coleccionista de historias



10

Un bo maquinista

Un día, polo ano 76, [...] chamáronme Piñeiro, Marino Dónega e Paco del Riego á Fundación Penzol [...] Entón plantexáronme entrar na Academia. Eu tiña trinta e tantos anos e iso de ingresar parecíame unha cousa rara a esa idade.

Ingresa na **Real Academia Galega** no ano 1978 lendo o discurso titulado “O desastre de 1898 e os escritores galegos” no Instituto Feminino de Ourense.

Unha das iniciativas que Carlos Casares impulsou sendo deputado foi a creación do **Consello da Cultura Galega**: unha institución centrada na defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Carlos foi o seu presidente dende o ano 1996 ata a súa morte no 2002, e unha das súas prioridades foi darlle un impulso á renovación tecnolóxica da institución.

En 1985 entra a formar parte da **Editorial Galaxia** e en 1986 convértese no seu director. *¿Que queremos conservar de Galaxia? Pois unha institución non lucrativa, estrictamente cultural, que sexa fiel ó que quixeron os fundadores, ó vello ideal de loitar pola cultura do país. Galaxia non reparte beneficios e tódolos que pode ter reinvésteos na cultura do país mantendo a Fundación Penzol e a actividade editorial.*

Carlos Casares foi padroeiro da **Fundación Penzol**, creada en 1963 cando Fermín Penzol decidiu doar a súa biblioteca, especializada en temática galega, para que todo o mundo puidese acceder a ela e que puidese servir para a investigación.

O Pen Club Galego xorde no ano 1990 en Santiago de Compostela. Centra a súa actuación no labor de proxección exterior da literatura en lingua galega, na promoción interna das nosas letras e na defensa das liberdades de expresión e de opinión. Carlos Casares foi o seu presidente entre os anos 1996 e 1999.

En 1993 foi nomeado membro vitalicio da **Comisión Rectora do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades**.



Carlos Casares